Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Comparsa: Balbordo no cemiterio (Coplas de Entroido)

Titulo: Comparsa: Balbordo no cemiterio (Coplas de Entroido)
Cuntis 1935.

Comparsa
Conocemos aquí en este pueblo
a dos valientes señores
que diciendo las cosas muy claras
tienen muy pocos timbales.
Y ustedes tambien los conocen
y ellos se dan de formales
y una "Portuguesa" vieja
le hizo andar en carnavales.

Uno de ellos
de la Argentina
trajo un reloj

con leantina
y de un sustazo
de una gallina
perdió el gallo
todas sus fuerzas
y valentía.

Hubo muchos cuentos
sobre un caminero
que fué al cementerio
para requerir
y la Portuguesa
que lo sabe hacer
si se mojó las faldas
fué de beber.

Tereré tereré tererere...

Tambien el gallo
que estaba haciendo
ca ca ca ca ca
y muy contento
le vino arriba
el caminero
y del sustazo
perdió los zuecos
y el sombrero.

Tereré tereré tererere...

Tengan mucho ojo
queridos amigos
que hasta los valientes
pierden el prestigio
y al cementerio

no vayan buscar
dinero de los tales
que hacen..... callar.

Tereré tereré tererere...

Esta que acabo de reproducir é unha curiosa composición que formou parte das copla interpretadas pola mocidade local no Entroido de 1935 polas rúas do Baño, que é com popularmente se denomina a capital municipal nas freguesías de Cuntis e, en menor medida nos concellos da contorna. Como sucede con todas as coplas de Entroido, ten como base feito reais de actualidade no seu momento, que hoxe pouca xente lembra, e aínda que foi difundid de xeito anónimo, non pode ocultar a pegada satírica tan característica do seu autor, enxeñoso e simpático panadeiro local Xosé Escariz.

Reproduzo tamén un documento orixinal, que foi escrito a máquina pouco tempo despo daquel célebre Entroido de 1935, en papel impreso, encabezado co anagrama e publicidade d empresa Termas de Cuntis, que foi atopado no sobrado dunha casa hai algúns anos po Dolores Domínguez Fontenla, e no que se reproduce esta copla xunto a outras do mesm autor, que se interpretaran no mesmo ano. Con todo era unha copla que xa nola recitara mesmo nola cantara Emilia Couso, veciña de Sete Camiños, que a sabía de memoria. E baixo pseudónimo ocasional de Dores Fortes elaborara un artigo sobre os feitos Belén Pazos Touriñ co título de "Que pasa no cemiterio de Cuntis?", publicado no nº IV da nosa revista cultural Taboada.

A composición, que leva o título de "Comparsa", aínda é lembrada popularmente polo cuntienses máis vellos do concello. Comentareina de xeito breve.

Os personaxes da historia son un mozo alcumado o Laghoeiro (na cantiga aparece aludid como "un caminero", de feito "peón caminero" sería a tradución exacta do que en galeg chamamos "lagoeiro", aínda que máis apropiado e correcto é o termo "legoeiro", pois debe nome á ferramenta que máis se emprega neste oficio, o legón).

A personaxe principal sería a muller que chamaban a Portuguesa, e por último teríamos a home alcumado o Capón (na cantiga chámaselle "el gallo"), que ao parecer era un pouc fachendoso e gabábase da fortuna atesourada na emigración americana.

O asunto foi que o Laghoeiro foi onde a Portuguesa, que era coñecida polos seus dotes d meiga, a pedirlle que fixera de medium para falar co seu sogro, que morrera sen dicir ond gardara os cartos que gañara coa venda dunha vaca, e para convencela convidouna a unha cuncas de viño. Todos os personaxes eran coñecidos veciños do lugar do Porto de Gómez, n

propia freguesía de Sta. María de Cuntis.

A Portuguesa indicoulle como tiña que facer para comunicarse co morto e a hora exacta en qu tiña que ir ao cemiterio esa mesma noite. O trato era que a Portuguesa cobraría o diñeir acordado tan só se o morto chegaba a falar, independentemente de que acharan os cartos c non.


Xa no camposanto, cando o Laghoeiro interpelou ao morto ("Ánxel, onde gardaches o diñeir da vaca?"), non achou máis resposta que a voz arremedada da pícara meiga que estab agochada detrás da tumba, e que ceibou un arrepiante brado co que ela mesma quedo aterrada. O susto foi tal que o Laghoeiro saíu correndo desbocado e saltou o alto valado d cemiterio caíndo enriba do Capón, que na parte de afora estaba "cagando de campo", pois viñ de abrirlle a auga a unha braña que tiña pola zona e non sabía nada do que estaba a pasar n cemiterio. Os dous fuxiron espantados cada un polo seu lado sen enteirarse moito do qu pasara e perdendo algunhas prendas co choque.

Foron contando polas tabernas da vila a historia cada un polo seu lado. Un dicía que caír enriba dun morto, o outro, que lle caíra un morto enriba. E a propia Portuguesa, que o liar todo, papou un bo susto entre tanta confusión e tanto berro, que mesmo chegou a mexar po ela, pois realmente descoñecía o que pasara. De feito algún xornal reproduciu unha crónica c título de "¿Qué pasa en el cementerio de Cuntis?". Pasado o tempo fóronse ensarillando a versións ata que todo foi collendo senso, e serviu de inspiración ao paveiro coplista Xos Escariz para divertir aos cuntienses no Entroido dese ano.

(Ampliar coplas PDF)

(Ampliar partitura PDF)





TERMAS DE CUNTIS
(PONTEVEDRA)
HOTEL Y BALNEARIO LA VIRGEN Y EL CASTRO
PROPIETARIO: MARCIAL CAMPOS - TELEF. 2

CARNAVALES DE 1.935.- CUNTIS.

COMPARSA

Paso doble.

Conocemos aquí en este pueblo
a dos valientes señores
que diciendo las cosas muy claras
tienen muy pocos timbales.
Y ustedes también los conocen
y ellos se dan de formales
y una "Portuguesa" vieja
le hizo andar en carnavales.
Uno de ellos
de la Argentina
trajo un reloj
con leontina
y de un sustazo
de una gallina
perdió el gallo todas sus fuerzas
y valentía.
Hubo muchos cuentos
sobre un caminero
que fué al cementerio
para requerir
y la "Portuguesa"
que lo sabe hacer
si se mojó las faldas
fué de beber.
Terere terere tererere.
También el gallo
que estaba haciendo
ca ca ca ca ca.....
y muy contento
le vino arriba
el caminero
y del sustazo
perdió los muecos
y el sombrero.
Terere terere tererere.
Tengan mucho ojo
queridos amigos
que hasta los valientes
pierden el prestigio
y al cementerio
no vayan buscar
dinero de los tales
que hacen... callar.
Terere terere tererere....

ESPECIALIDADES
REUMA, ARTRITISMO, NEURALGIA, CIATICA, GOTA, PIEL, PARALISIS Y NEURALGIAS POST-TRAUMATICAS

[Texto e documentos anexos achegados por Marcos Seixo Pastor, de Cunt

(Pontevedra). 31 de xaneiro de 2021]

Partitura (PDF)

Comparsa Entroido Cuntis 1935 (PDF)